



---

## COMUNICADO DE COMPOSTELA ABERTA DIANTE DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO CONTRA OS LÍDERES POLÍTICOS CATALÁNS E O PROCÉS

Tras facerse pública a sentenza do Tribunal Supremo que condena a líderes políticos e sociais cataláns a anos de prisión polo delito de sedición, Compostela Aberta quere expresar o seu rexeitamento político diante dunha sentenza inxusta que xera un precedente moi grave no Estado español.

- Consideramos que todo o sucedido en Cataluña nos últimos anos é moi grave e que está a pór en cuestión o sistema de dereitos e liberdades da cidadanía. Rexeitamos rotundamente a vinculación do dereito de manifestación e de libre expresión, así como o uso da desobediencia civil, co delito de sedición. A manifesta incapacidade dos gobernos españois para acordar solucións políticas a un conflito que ten unha orixe tamén política, é a causa dos feitos que se teñen producido no *Principat* nos últimos anos. O que está a acontecer en Cataluña aféctanos a todas e a todos.
- O pobo catalán ven reivindicando historicamente, sempre de xeito cívico e pacífico, o seu lexítimo dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro, e como articular a súa relación cos pobos que hoxe fan parte do Estado español. É evidente que, independentemente da escolla política de cada quen, a cidadanía catalá quere poder votar e poder elixir. O exercicio deste dereito, internacionalmente recoñecido, non debe entenderse contra ninguén, senón como un elemento positivo e democratizador das nosas sociedades. Un dereito que non se deba procurar limitalo senón velar polo seu exercicio co máximo de garantías democráticas. Neste sentido, mostramos a nosa profunda solidariedade coas persoas condenadas por tentar exercelo, e coas súas familias.
- Condenamos a xudicialización da política e unímonos aos chamamentos das forzas políticas que procuran impulsar unha vía de diálogo que busque solucións eficaces para resolver o conflito existente. Procurando unha resposta transversal á sentenza e denunciando as ameazas directas e indirectas de aplicar o artigo 155 da Constitución e a *Lei de seguridade nacional* que, como se demostrou no pasado, non é unha solución política senón un agravante máis no conflito existente. Comprometémonos a promover e apoiar todas as iniciativas políticas, institucionais e legais necesarias para facilitar a liberación dos presos e para abrir vías que fagan posible a resolución do conflito.

Fronte a esta situación manifestamos, publicamente, o noso rexeitamento e condena da criminalización e xudicialización, así como o recorte de dereitos e liberdades, que está a levar a cabo o goberno español diante dun conflito político. Reiterando o noso compromiso de traballar por un diálogo e unha solución democrática e o recoñecemento pleno das nacións que actualmente fan parte do Estado español.

**Santiago de Compostela, luns 14 de Outubro de 2019**